

PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

CURSO 22-23

> *PROGRAMA DE MODIFICACIÓN DE
CONDUTA*



ÍNDICE

- 1. Marco legal e xustificación.**
- 2. As habilidades e competencias sociais.**
 - 2.1. Definición.**
 - 2.2. Puntos clave das habilidades e competencias sociais.**
 - 2.3. Adquisición das habilidades e competencias sociais.**
 - 2.4. Pautas xerais para o desenvolvemento das habilidades sociais.**
- 3. Contextualización**
- 4. Obxectivos**
- 5. Contidos**
- 6. Metodoloxía**
- 7. Actividades e dinámicas.**
- 8. Recursos web para traballar as habilidades sociais.**
- 9. Avaliación do programa.**
- 10. Programa modificación de conduta:**
 - 10.1.- Metodoloxía do programa de modificación**
 - 10.2.- Técnicas de modificación de conduta**
 - 10.3.- Pautas xerais.**
 - 10.4.- Estratexias para manter a orde na aula.**
- Anexo I: Modelo rexistro incidencias**
- Anexo II: Modelo cuadrante de condicionamentos**
- Anexo III: Análise funcional da conduta**
- Anexo IV: Aspectos a ter en conta no protocolo de actuación**
- Anexo V: Modelo de protocolo de actuación/medidas**
- Anexo VI: Conversación restaurativa**
- Anexo VII: Modelo de contrato de conduta**

1.- MARCO LEGAL E XUSTIFICACIÓN.

Ao abeiro da Orde do 8 de setembro, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes, e seguindo as instrucións indicadas no seu Artigo 53, elabórase o presente Programa de Habilidades e Competencias Sociais, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Este programa aplicarase coordinadamente entre o profesorado titor e o departamento e orientación, implicando ao resto do profesorado e ás familias, e de ser ó caso, aos servizos sociais correspondentes.

Este programa formará parte do PXAD.

2. AS HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS.

2.1.- Definición.

As habilidades e competencias sociais (en adiante, HeCS), son un conxunto de hábitos ou estilos (que inclúen comportamentos, pensamentos e emocións), entre os que están:

- **Asertividade:** expresar pensamentos e sentimentos sen negar os dos demás.
- **Empatía:** comprender o punto de vista dos outros
- **Saber escouitar:** escoitar con comprensión, de xeito que a outra persoa sabe que recibimos a súa mensaxe.
- **Definir un problema:** analizar a situación.
- **Avaliación de soluciones:** analizar as consecuencias de cada posible solución.
- **Negociación:** atopar alternativas de solución aceptable para dúas partes.
- **Saber desculparse:** capacidade de decatarse dos erros cometidos e recoñecelos.

2.2. Puntos clave das HeCS:

- ✓ Adquírense principalmente a través da aprendizaxe (mediante observación, imitación, ensaio e información).
- ✓ Inclúen comportamentos verbais e non verbais.
- ✓ Supoñen iniciativas e respostas efectivas e apropiadas.
- ✓ Aumentan o reforzamento social (por exemplo, as respostas positivas do propio medio social).

- ✓ Son recíprocas por natureza e supoñen unha correspondencia efectiva e apropiada.
- ✓ A súa práctica está influída polas características do medio.
- ✓ Están determinadas polo reforzamento social (positivo ou negativo).
- ✓ Están interrelacionadas co autoconcepto e coa autoestima.
- ✓ Son necesarias para o desenvolvimento integral da persoa.

2.3. Adquisición das HeCS.

As habilidades sociais adquírense como resultado das interaccións con outras persoas e este desenvolvimento prodúcese fundamentalmente na infancia.

Apréndense e desenvólvense a través dos seguintes procesos:

- Experiencia directa. A través desta os nenos comezan a ensaiar as condutas sociais e vanas incorporando a súa maneira de actuar e de pensar.
- Imitación. Os nenos imitarán aquelas condutas sociais que observan nos adultos más próximos a eles.
- Reforzos. Estes van facer que os nenos desenvolvan unhas determinadas condutas ou outras.

2.4. Pautas xerais no desenvolvemento das HeCS.

Dende a escola debemos establecer unhas pautas xerais no desenvolvemento das habilidades socias para que os nenos/as desenvolvan con éxito as relacións cos demais:

- ✓ Transmitirlles valores (ensinarlles a respectar, a tolerar e a escoitar).
- ✓ Coidar a súa autoestima.
- ✓ Servirlles de exemplo.
- ✓ Dotalos dun ambiente rico en relacións.
- ✓ Reforzar socialmente aquelas condutas axeitadas.
- ✓ Fomentar a capacidade de escoitar e entender ós demais.
- ✓ Animalos a participar en diferentes grupos ou actividades con outras persoas.

Estas pautas citadas, deben acompañarse da realización de diferentes actuacións:

- + Actuacións formativas, que dirixan a súa intervención a desenvolver capacidades e habilidades que se poidan adestrar e mellorar ao longo da vida dos individuos.
- + Actuacións globais, prolongadas no tempo, que permitan posta en práctica das HeCS traballadas entre sesións.
- + Intervencións repetidas durante a etapa educativa dos destinatarios, con continuidade en cada curso escolar, para favorecer as habilidades más significativas e/ou con maior dificultade de adquisición.
- + Programas que favorezan a extrapolación das HeCS nas relacións interpersoais e diferentes contextos.

3.- CONTEXTUALIZACIÓN

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E DO CONTEXTO.

O alumnado procede, na súa maioría, de familias estruturadas e estables. A idade media dos pais está entre os 30-45 e os 25-40 para as nais. Na súa maioría a familia está formada polo pai, a nai e varios fillos/as. Existe un porcentaxe a ter en conta, de familias nas que ademais convive outro membro (avó, avoa,...).

A meirande parte das familias vive economicamente do mar ou da terra, habendo un gran número de pais embarcados, e/ou con labores agrarias. Isto incide que, en moitos casos, son as nais as encargadas da educación dos fillos.

Os nosos/as alumnos/as teñen idades que van dos 3 aos 12 anos.

Ás características psicolóxicas propias destas idades temos que engadir outras particularidades específicas determinadas pola interacción do alumno co ambiente socio-familiar no que vive.

Son nenos e nenas con ambientes familiares moi diferentes e con vivencias moi contrastadas que abarcan desde experiencias de vida rural ata a vida nas vilas. Estas diferenzas son enriquecedoras no aspecto de intercambio cultural pero ás veces conlevan outras diferenzas de nivel cultural e económico que repercuten nos diferentes rendementos escolares.

En xeral o ambiente de convivencia é relativamente bo e así é percibido polas familias.

Existen pequenos conflitos con certa asuidade, pero que por normal xeral, non comportan gravidade. Sen embargo, deixan de manifesto carencias importantes a nivel de habilidades sociais.

4.- OBXECTIVOS:

- Adquirir a capacidade de reflexionar criticamente sobre as súas condutas.
- Desenvolver actitudes positivas e o establecemento de vínculos sociais.
- Adquirir pautas de prevención, manexo e resolución de conflitos.
- Vivenciar a importancia da empatía e sentimentos positivos.
- Valorar a cooperación, por riba da competición ou individualismo, fomentando a interacción, o respecto e o compañerismo.

5.- CONTIDOS:

- Os sentimentos, os dereitos e deberes, as regras e normas.
- Os tipos de comportamentos: asertivo, agresivo e pasivo.
- Técnicas de resolución de conflitos

- Elaboración de normas de aula e respecto polas mesmas
- O desenvolvemento da capacidade de autocontrol
- Xestión das emocións e o seu uso de xeito positivo.
- Traballo cooperativo, cohesión grupal, interacción entre iguais, reparto de responsabilidades, liderado compartido, etc.
- O diálogo e a comunicación (respecto da quenda de palabra, escucha aos demais...)

6.- METODOLOXÍA:

Utilizarse unha metodoloxía baseada no uso periódico das técnicas, actuacións e recursos que se citan a continuación:

- Técnicas e dinámicas grupais
- Prácticas restaurativas, círculos de diálogo, etc.
- Estudo de patrón de condutas
- Favorecer ambiente positivo
- Adecuar a proxección do mestre/a ao contexto:
 - . Ser modelo do alumnado
 - . Acitude de flexibilidade/firmeza
 - . Emprego de reforzos positivos
 - . Traballo en equipo
 - . Contacto entre os profesionais implicados

7.- ACTIVIDADES E DINÁMICAS:

As actividades e dinámicas estarán principalmente enfocadas a potenciar as seguintes habilidades:

- Habilidade de escuchar
- Habilidade de negociar
- Habilidade de desculparse
- Habilidade de resistir presións.

Tendo en conta a diversidade do alumnado, os intereses e motivacións, o longo do curso, poderán levarse a cabo diversas dinámicas a nivel grupal e individual que favorezan a adquisición de habilidades sociais. Entre outras, podemos recomendar e destacar as seguintes dinámicas:

- **Enquisa para medir o clima de convivencia:** A través de dita enquisa, coñécese a percepción que ten o alumnado do grupo-aula.
- **Buzón de convivencia:** Para favorecer a comunicación entre o alumnado na aula, elabórase un buzón a partir de materiales de reciclado. Nel o alumnado escribirá

sucesos, tanto positivos como negativos que ocorren durante a xornada escolar. Poñerase unha hora ó longo da semana para ler ditos mensaxes e buscar unha solución ós posibles conflictos ou unha valoración positiva ante determinadas situacóns.

- **Actividades de autocoñecemento e coñecemento mutuo:** Cada alumno/a respostará con aspectos persoais, gustos, afeccións... a un cuestionario, e posteriormente por parellas intercambiarán a información. Despois de 5-10 minutos de diálogo, cada un presentará ó seu compañeiro sen que este poida dicir nada
- **Teléfono estropeado;** a través deste xogo popular por todos/as coñecido, traballarase de forma lúdica a importancia de non facer caso do que non vemos de forma directa. Evitando así que os feitos se vexan modificados, amplificados.... En definitiva, o alumnado aprenderá a non facer caso dos rumores nin a alimentalos.
- **"Se buscan valientes":** a partir da iniciativa contra o acoso escolar de Mediaset España, o alumnado reflexionará sobre momentos vividos nos que exercera unha axuda cara ós demás, favorecendo o seu benestar. Exporá dito ou ditos momentos ante os seus compañeiros/as de xeito que se favoreza a súa autoestima e se divulgue a importancia de axudar e non facer "oídos sordos" ante as inxustizas.
- **O meu Garabato:** Repárteselle a todo o alumnado unha folla cun mesmo garabato, o cal terán que rematar e "acondicionar" facéndoo seu, sen dicir nada a ninguén. Cando rematen, faise unha exposición dos cadros, e eles mesmos irán observando como todos son distintos. Para valorar a actividade, analizaremos o feito de que todos os debuxos sexan diferentes, posto que todos son diferentes, e pensan de xeito diferente. Por eso cada debuxo é único, o que implica que cada un de nos SOMOS ÚNICOS.
- **Visionado de curtos pola convivencia:** Parcialmente nublado, O monstro de cores, rato en venta..., e aqueles que vaian xurdindo e sexan de interese.

8.- RECURSOS WEB PARA FOMENTAR HABILIDADES SOCIAIS

➤ **Emocións:**

<http://ares.cnice.mec.es/edufisica/b/03/index.html>
<http://evenbettergames.com/jugar.php?juego=emociones>
<http://evenbettergames.com/jugar.php?juego=ruleta>
<http://programadecompetenciaemocional.blogspot.com.es/>

➤ **Convivencia:**

http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos/tkPopUp%3bjsessionid=c0a80202ce538c89fc65204402085a0ef8bc185604b.mlbQp6eMahCNaN0LcybtahyM-x4Qc2SM-x8ImxmLnAeL-Anwc3uPnxaLc6ml-huKa30xmRjGr7jMmkzvqMTvqRnGn38L8N4Sah4Kc3uKbNmxf2bCpQPz8QfznA5Pp7ftlbGmkTy?pgseed=1196061144051&idContent=54133&locale=es_ES&textOnly=false

➤ **Interaccións cos iguais:**

http://agrega.educa.madrid.org/visualizar/es/es-ma_2009101313_9164447/false

➤ **Situacións de estrés e relaxación:**

http://agrega.educa.madrid.org/visualizar/es/es-ma_2009101313_9141045/false

OBSERVACIÓN: para moitas más técnicas, dinámicas e recursos similares, poden solicitarse no Departamento de Orientación.

9.- AVALIACIÓN DO PROGRAMA:

Nos momentos que corresponda como sucede con cada avaliación (antes, durante e/ou despois), valoraranse os resultados obtidos os cambios producidos na competencia social do alumnado, e a súa repercusión na mellora do centro.

Cando se considere, poderán engadirse a este programa criterios propios de avaliação.

PROGRAMA DE MODIFICACIÓN DE CONDUTA

Unha conduta disruptiva é un xeito de actuar que dificulta o proceso de ensino – aprendizaxe e prexudica o bo funcionamento do grupo. Este tipo de condutas soen ser producidas por alumnos impulsivos e/ou que queren chamar a atención.

Tipos de condutas disruptivas:

- Falta de cooperación.
- Provocación.
- Agresividade.
- Desobediencia.
- Insolencia.

Pasos para afrontar as condutas disruptivas que poidan producirse na aula:

1. Identificación dos axentes disruptivos.
2. Identificación das características do neno/a ou grupo nos atopamos.
3. Actuación, é dicir, elixir as técnicas ou estratexias axeitadas para tratar o problema.

10.1.- METODOLOXÍA DO PROGRAMA:

Seguiremos a seguinte secuencia de traballo, usando todos recursos materiais e humanos que se van relatando:

1.- REXISTRO DE INCIDENCIAS: levarase a cabo un rexistro de incidencias onde quede reflexado, cando menos: data, hora, antecedente (que estaba a facer o alumno), conduta manifestada, consecuencia, profesor presente, observacións.

A análise deste rexistro por un periodo de tempo, nos permitirá definir un **patrón de conduta** que resulta moi relevante para poder anticipar situacións e/ou resolvelas do mellor xeito posible. Ver Anexo.

2.- CUADRANTE DE CONDICIONAMIENTO: teremos cumprimentado por parte da familia un cuadrante de condicionamento, de xeito que coñezamos os reforzos positivos ou negativos que se poden utilizar de xeito más eficiente. Ver Anexo.

3.- PROTOCOLO DE MEDIDAS/CONSECUENCIAS: Partindo dos dous puntos anteriores, elaborarase e aplicarase en cada caso, un particular protocolo de medidas/consecuencias, que deberá ser coñecido por todo o profesorado do centro, e este se implique para aplicalo de igual xeito. Especificarase para cada actuación, que tipo de consecuencia procede. Ademais, das singulares aplicables a cada alumno extraídas do estudio do rexistro e do cuadro de condicionamentos, serán de aplicación as sancións contempladas nas NOF e/ou Plan de Convivencia do centro, tipificadas segundo a normativa vixente en leves e graves, segundo proceda. Consultar NOF e Plan de Convivencia. Ver Anexo.

4.- INFORMACIÓN Á FAMILIA: o titor/a, informará continuamente, polo medio que se considere máis efectivo, rápido ou propicio, segundo a gravidade ou frecuencia das conductas manifestadas (Abalar, mail, teléfono, entrevista...), do que está a suceder a nivel condutual, e académico sé e o caso, do seu fillo/a. Solicitarase sempre a súa colaboración; e buscarase a súa aprobación das medidas tomadas, sempre que sexa posible.

5.- TRABALLO PARA CASA: o alumno/a que debido ao seu comportamento, non remate as tarefas establecidas polo profesorado, deberá levar as mesmas para a súa casa, sempre que non foran rematadas na súa aula (ou na aula de convivencia, se fóra o caso). Este detalle, tamén será observado no rexistro de incidencias.

6.- INTERVENCIÓN DO CENTRO: Ademais das estratexias que deben empregar, tanto o titor/a como o profesorado implicado (técnicas grupais, técnicas cooperativas, economía de fichas, carnés ou contratos, prácticas restaurativas, etc.), o Departamento de Orientación, a través da mestra especialista de PT, pode decidir unha intervención directa co alumno/a en cuestión, ben dentro, ben fóra da aula. Igualmente, o Xefe de Estudos ou a dirección do centro, poderán aplicar as medidas que consideren favorables para

propiciar solucións, aplicando as NOF e Plan de Convivencia, como xa se dixo anteriormente.

10.2.- TÉCNICAS DE MODIFICACIÓN DE CONDUTA

1. Reforzo positivo e negativo

Una das principais técnicas de modificación de conduta é o reforzo. Debido á súa eficacia, o reforzamento positivo e negativo é unha das técnicas de modificación de conduta más utilizadas. Cando aplicar o reforzamento? Para poder reforzar positiva ou negativamente unha conduta determinada, antes é primordial determinar se se trata dunha conduta adecuada ou inadecuada. Cando falamos de condutas adecuadas, referímonos a aquelas condutas que nos gustaría que fosen repetidas con frecuencia. Unha das técnicas ou estratexias para conseguir que ditas condutas sexan repetidas as próximas veces en que a persoa en cuestión se enfronte a unha mesma situación, é reforzar a conduta concreta. Existen dous tipos de reforzamento: o positivo e o negativo.

Reforzo positivo

Que é o reforzo positivo? Cando se opta polo reforzamento positivo, o que se pretende lograr é reforzar a conduta desexada acto seguido da súa aparición, de forma inmediata, mediante un premio para poder provocar unha maior probabilidade de que esta volva repetirse.

- Exemplos de reforzo positivo: unha felicitación pola conduta realizada e unha aperta.

Reforzo negativo

Que é o reforzo negativo? Cando se opta por un reforzamento negativo, non se trata de dar un premio, senón de quitar ou retirar algo que resulta desagradable para a persoa, de modo que tamén aumenta a posibilidade de seguir repetindo a conduta desexada. Neste sentido, tanto o reforzamento negativo como o positivo, seguen unha mesma finalidade: aumentar a probabilidade de repetir condutas desexadas, aínda que sexa mediante distintas formas.

- Exemplo de reforzo negativo: "se rematas os exercicios a tempo, non terás que poñer/recoller a mesa na hora de cear".

2. Reforzamento intermitente

Cando falamos de reforzos intermitentes facemos referencia á mesma técnica de modificación de conduta anterior (reforzamento positivo e negativo) pero recorrendo aos reforzos de forma intermitente e non de forma continua. É dicir, non se trata de reforzar

una mesma conduta cada vez que esta leva a cabo, senón que se trata de reforzar a conduta de maneira ocasional.

3. Extinción

A extinción é outra das técnicas de modificación de conduta más utilizadas. Neste caso, realiza-se a través da retirada dos reforzos positivos ou negativos previos para procurar que unha conduta desapareza co tempo. Deste xeito, coa retirada dos reforzos, a persoa empezase a deixar de realizar condutas concretas ata que finalmente, chegará un momento en que a conduta desaparecerá por completo. Esta técnica sempre funciona de forma gradual para terminar coas condutas non desexadas que se pretendan eliminar.

4. Esvaecemento

O esvaecemento é outra das técnicas de modificación de conduta e fai referencia a un cambio gradual da conduta. Trátase de **acompañar a conduta** doutra persoa **mediante axudas** (verbais, físicas...) para convertela en conduta desexada. Neste sentido, estas axudas débense ir retirando co paso do tempo ata que a persoa sexa capaz de realizar a conduta desexada por si mesma, sen necesidade de recibir axudas.

5. Moldeado

O moldeado ou moldeamento da conduta lévase a cabo cando se pretende conseguir que unha persoa realice unha determinada conduta e esta nunca foi realizada con anterioridade. Para levar a cabo esta técnica de modificación de conduta, o primeiro que se debe facer é reforzar respuestas parecidas á desexada e, a medida que a conduta desexada vaise configurando, trátase de ir extinguindo as aproximacións parecidas á conduta desexada ata que conseguimos esta última.

6. Castigo

Outra das técnicas de modificación de conduta más utilizadas, especialmente na infancia, é o castigo. A aplicación dun castigo como consecuencia inmediata despois da realización dunha conduta non desexada, permite reducir a probabilidade dunha aparición futura dessa mesma conduta non desexada. Existen dous tipos de castigo o positivo e o negativo.

Castigo positivo

Un castigo é un estímulo aversivo ou punitivo que se usa para reducir a frecuencia da aparición de determinadas condutas en situacíons similares.

Castigo negativo

Neste caso, o castigo é a retirada dun estímulo agradable.

- Un exemplo de castigo negativo é quitar o móvil a un adolescente.

A **nivel de aula**, será interesante incorporar un método de traballo baseado en **técnicas cooperativas**, onde se teña moi en conta a distribución da aula, os alumnos que formarán cada equipo, e unha **distribución rotativa de liderados e responsabilidades** dentro dos membros de cada grupo.

Estratexia paradóxica.

Está orientada a casos concretos e cando os outros recursos más habituais non funcionaron. Pode utilizarse para contrarrestar condutas como desobediencia e negativismo.

Procedemento:

1. As instruccións resultan non esperadas polo neno. Pídeselle que faga xusto o que el está acostumado a facer para chamar a atención.
2. Se o neno está acostumado a ser desobediente, provocámosslle unha situación de perplexidade, dado que agora a desobediencia so pode darse en caso contrario.

O poder desta técnica basease na súa capacidade de sorprender.

Principio de Premark

Utilizar as actividades que máis lle gustan ós nenos para reforzar a presenza doutras que lle son menos agradables. Por exemplo, se lles gusta debuxar e non lles gusta realizar problemas de matemáticas, despois de realizar os exercicios de matemáticas adicarase un tempo a debuxar.

Contrato de conduta

Consiste nun acordo escrito entre as partes afectadas. O contrato debe establecerse en torno a unha negociación previa.

Mediante este contrato regúlanse as condutas que o alumno/a terá que realizar e as consecuencias que terá. Nel deberanse expoñer claramente as condutas e deberase revisar periódicamente.

Técnica a utilizar en base ao tipo de alumno que presente a conduta disruptiva

TDAH

Economía de fichas
 Técnicas operantes
 Principio de Premark

DESOBEDIENCIA

Economía de fichas
 Procedimentos operantes
 Estratexias paradóxicas

OPOSICIONISTAS – DESAFIANTES

Para intervir con estes nenos debemos ter en conta o non abrir unha discusión con eles sobre as súas razóns. Eles atópanse no seu terreo cando son recriminados en voz alta, en especial, se o mestre perde os papeis. Dentro do posible é recomendable que o neno perciba seguridade no adulto que lle impón as medidas correctoras cun ton firme pero non ameazante.

Procedimentos operantes
 Estratexias paradóxicas

ALUMNOS POUCO MOTIVADOS

Principio de Premark
 Procedimentos operantes
 Economía de fichas

RETRASO MENTAL, T.G.C. OU TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

Procedimentos operantes

10.3.- PAUTAS XERAIS.

Non existen formulas "máxicas" e en moitas ocasións o que vale e funciona moi ben para uns, non xera tanta repercusión noutros. Con todo, como profesionais da educación si podemos seguir unha serie de **pautas xerais** que axudarán a relaxar o ambiente e reducir os episodios destas condutas:

- **Autocontrol de adulto:** Entender que as condutas tentan provocar enfado nos demás, por tanto, non deixarnos manipular, non entres en discusións, mantén a calma e non levantes o ton de voz. Trata de falar suave, non demasiado preto e nunca retendo ou agarrando. Se non sobes o ton de voz, fomentará que o alumno non o faga. Podemos ser contundentes sen soar de forma agresiva. É recomendable que o neno perciba **seguridade no adulto** que lle impón as medidas correctoras cun ton firme pero non ameazante.

- O profesor debe ser **coherente**. Non podemos contradicirnos na linguaxe verbal e non verbal (Sorrisos, ton adecuado...). Os nenos son especialmente intuitivos e saben ler nas nosas caras, xestos e reaccións e comprender se estamos nerviosos ou inseguros. Se isto é así, saben que o control o teñen eles e isto reforzará as súas actuacións.

- Os adultos **NON podemos "non cumplir"**, non podemos pór un castigo "non vas saír hoxe" e despois permitilo.

- **PERSEVERAR** Coma se fósemos nenos!! Cansámonos antes que os nenos porque pensamos que teñen que responder inmediatamente. Por iso hai que ter en conta: a constancia na aplicación, a continxencia (immediatez)

Moitas veces, caemos en predicir o comportamento do neno e dubidar das técnicas: se lle dígo que faga isto, queixarase, se **poño unha norma para o/o irmán/a maior o/o pequeno/a quererá o mesmo.. pero hai que perseverar e confiar na nosa práctica.**

- Aplicar un manual de convivencia **entre todos** os alumnos, que quede visible á vista de todos (carteis, murais...), onde queden ben establecidas unhas normas claras e explícitas de conduta. É necesario que os alumnos interveñan neste proceso, xa que deste xeito verano como obxectivos propios a acadar e non como normas impostas.
- Deixar claro as consecuencias antes de aplicalas**

- Fomentar a **reflexión grupal**, expor solucións a distintas dinámicas da aula, é un modo de ensinar aos alumnos a que solucionen os seus problemas.
- **Evitar que capte e leve toda a nosa atención** xa que senón estas conductas aumentarán. Lembrar ao comezo ou final da clase que esa conduta é indesexable. Se obstaculiza moito o desenvolvemento da clase pódese usar a técnica do "Time Out" (tempo fóra)
- Cando ocorra ou se desencadee unha conduta agresiva, **hai que responder, pero non reaccionar de forma desproporcionalada**. É bo illalo para que non teña público. Cando se acougou, falar co alumno/a. Débese manter contacto visual, evitar entrar no seu xogo ou en argumentacións, o profesor é a figura de autoridade, iso non é discutible, non debes tratar de quedar por encima, nin humillar, nin entrar en discusións. Deixar claro qué buscamos, cales son as normas e as consecuencias de incumprilas.
- **Evitar situacíons que poidan xerar ou provocar a disrupción** sen pretendelo. Isto será más fácil de facer se temos un rexistro previo de incidencias, como se dixo anteriormente.
- **Exercer de modelo:** Recoñecer como nós tamén cometemos erros. Pedir desculpas se é necesario. Eles aprenderán o modelo que lles ofrecemos.
- **Non prestar atención a faltas leves.**

- Podemos reducir as condutas disruptivas **verbalizando expectativas positivas**. Marcar o que esperamos deles axuda moito. Usar ademais o **reforzo positivo**
- A **economía de fichas soe** resultar unha técnica bastante eficaz.
- Crea **clases dinámicas**, onde haxa moitos **cambios de actividade**, onde as tarefas e **actividades** esteán **graduadas** segundo o **nivel de dificultade**.
- É moi importante ter un achegamento ao alumno conflitivo, crear un vínculo e unha confianza. Podemos empregar o humor. Isto xerará un ambiente máis distendido dentro da aula.

Lembrar que o más importante é o noso autocontrol, perder os nervios pode agravar o episodio. Estas situacóns son moi complicadas de xestionar, por iso, a mellor fórmula e solución é a práctica diaria, sumada á reflexión profunda sobre a nosa acción. Cando nos enfrentemos a unha destas situacóns, debemos tentar aprender delas, analizándolas, pensando no que funcionou e analizando o que non o fixo.

10.4- ESTRATEGIAS PARA MANTER A ORDE NA AULA

Prevención do conflito

A primeira medida será evitar calquera situación na que se poida producir algún problema.

- Vixiancia dos espazos considerados de risco. Segundo as NOF do centro e como norma xeral, non se pode deixar ao alumnado só en ningún momento. Ademais:

- Deber realizarse unha adecuada vixiancia en entradas e saídas por parte do profesorado de garda.
- Nos intercambios de clase débese esperar a que chegue ou seguinte profesor ou realizar ou cambio con rapidez.
- En recreos: vixiados polo profesorado de garda, o cal deberá velar pola boa convivencia. Isto significa que deberá mediar nos conflitos que se lle presenten, tomando as medidas adecuadas: castigo en tempo de recreo, tempo fóra, ou castigos más severos en caso de faltas graves.

- Na aula:

- Separar a alumnos que teñan un mal comportamento ou relación co compaíñeiro a outro lugar na clase.
- Cando sexa necesario separar a un alumno de todo o resto por mal comportamento ou non traballar. Deberá ser, preferentemente, un lugar non que non vexa ao resto doux compañeiros, por exemplo preto da porta (pero dentro da aula). O profesor deberá vixiar constantemente ao alumno. Ou alumno permanecerá aí ou resto da mañá e procédese, ao día seguinte. Este lugar será un '**recuncho para a reflexión**' / '**traballo solitario**' ou como o queira chamar cada titor.

- Economía de fichas

A economía de fichas é unha técnica psicolóxica de modificación de conduta que resulta de gran utilidade cando se traballa con nenos. Baseada nos principios do condicionamento operante, a técnica consiste en establecer un sistema no que o neno gañe puntos ou fichas por comportarse dunha determinada maneira. Estas fichas poden cambiarse máis tarde por un premio maior, pactado de antemán. Así, pódese acordar co neno que se consigue un determinado número de fichas ou puntos poderá acceder a un xoguete, xogo, actividade, etc. que desexe.

Esta técnica pódese aplicar tamén a **nivel grupal**. Neste caso, darase puntos ao grupo en conxunto. Os puntos poderán ser gañados se toda a clase consegue un obxectivo proposto previamente (estar en silencio toda a hora, que todos acaben a tarefa antes de que se cambie de clase, etc...), ou se se establece algunha actividade que lle dea puntos a un neno en concreto, sumando estes puntos ao cómputo total de puntos da clase.

É máis frutífero dar puntos só por condutas positivas, é dicir, non quitar puntos, senón, non dalos.

A administración de puntos supón un **reforzo positivo** inmediato á conduta meta e permite acceder a un reforzador maior a longo prazo. Isto favorece a **motivación** do neno.

Para levalo a cabo:

- Hai que dicir claramente cales son as **condutas meta**. Poden ser sempre as mesmas (se todos traballamos durante o día, ó final do día dase un punto á clase) ou establecer unha meta concreta, un reto.
- Elixir o **método** para dar os puntos. Pode ser online, con aplicacións como ClassDojo, na pizarra ou nun cartel cunha cuadrícula cos nomes de todos os nenos, unha tarxeta individual para cada neno (por exemplo: cada tarxeta tería "x" cadradiños, dependendo se é unha tarxeta mensual, quincenal...)

- Decidir os **premios**. Podemos converter algo que xa facemos nun premio, como por exemplo a radio (podemos facer un 'carné de periodista profesional'; a partir de agora, os que vaian á radio deberán ter "x" puntos á semana. Estableceranse as actividades ou condutas que dan esos puntos) ou o rocódromo.

Os premios poden ser grupais (por unha canción que lles guste a todos ao final da mañá...) ou individuais. Os premios sempre deben ser algo que lles guste ou motive aos nenos. Pode ser diferente para cada un.

- A técnica debe ser levada a cabo de maneira **exhaustiva, precisa e constante** para que sexa efectiva. Se establecemos que ao final da mañá damos puntos por bo comportamento, hai que facelo sempre, e ser xustos. Se un neno non o merece, non se lle dá. Os demais alumnos verán que o seu esforzo sí se recompensa se se merece.

Actividades extra

Os premios poderán ser más ou menos importantes dependendo do que consigan os rapaces. Podemos establecer premios más grandes unha vez por semana: ir á radio, ir ao rocódromo, facer xogos no patio o venres a última hora... pero tamén podemos ter

actividades extra que os rapaces poden facer cando rematen. Estas actividades teñen que ser motivadoras, estimulantes... para que os nenos estean motivados a facer a tarefa. Podemos establecer un recuncho de xogos relacionados cos contidos que están a dar, buscarllles xogos online relacionados cos contidos (se teñen ordenadores), acertixos, mandalas... Mientras realizan estas actividades podemos poñer música relaxante.

ANEXO I: REXISTRO DE INCIDENCIAS

DATA	ANTECEDENTE:	CONDUTA:	CONSECUENCIAS:
HORA	QUE ESTABA A FACER?	COMO RESPONDE?	COMO SE ACTÚA?
<u>OBSERVACIÓNS</u>	Exemplos: Nada Se lle pide: Empezar tarefa Que recolla Que se sente Etc.	Exemplos: Agresión física Autoagresión Escapa, corre Negativismo Etc.	Exemplos: Tranquilízase so É reconducido É reprendido Se lle ignora Etc.
<u>PERSOA QUE REXISTRA:</u>	<u>DESCRICIÓN:</u>	<u>DESCRICIÓN:</u>	<u>DESCRICIÓN:</u> <u>Funciona a medida:</u> <u>Outras propostas:</u>

ANEXO II: MODELO DE CUADRANTE DE CONDICIONAMIENTO
CUADRANTE DE CONDICIONAMIENTO

ALUMNO/A:
CURSO:
DATA:

Cubrir pola familia e entregar na titoría.

MEDIDAS REFORZO 1	MEDIDAS REFORZO 2
Escribir cousas que lle motiven e lle gusten a modo recompensa.	Escribir cousas que lle gustan e alivian cando son retiradas.
MEDIDAS REFORZO 3	MEDIDAS REFORZO 4
Escribir cousas que lle molesta facer ou ter.	Escribir cousas que lle moleste que lle retiren e non ter acceso a elas.

ANEXO III: ANÁLISE FUNCIONAL DA CONDUTA

Como está o alumno/a respecto ás habilidades de pensamento que regulan a conduta?

- Causal (é quen de establecer as causas do seu comportamento? Como o explica? Elude a reflexión?)
- Consecuencial (é coñecedor das consecuencias das súas condutas? Sabe que sucede despois de que realice condutas inaxeitadas)
- Perspectiva (é capaz de cambiar de perspectiva para porse no lugar doutro) Diverxente (ten alternativas a conduta ou é capaz de pensar noutras alternativas?)
- Medio-fin (sabe o **qué** ten que facer e **cómo** para conseguir aquilo que lle motiva?)

De observarse fallos no pensamento:

- Programa para mellorar as habilidades de pensamento:

<https://drive.google.com/file/d/1VXiqdE13rV48jK8X9IayCQqG8VKBBxAf/view?usp=sharing>

Como está o alumno/a no tocante ao desenvolvimento moral?

- Hai reflexión moral e intencionalidade de reparar dano?
- En que estadío de desenvolvemento moral se atopa?
- Ante a conduta inaxeitada, que propón o centro como consecuencia e para reparar o dano causado?

Como está o alumno/a respecto da emoción que regula a conduta?

- Vocabulario emocional (sabe poñer nome as emocións que sinte ou que observa)
- Percepción e conciencia emocional (sabe situar a emoción no corpo)
- Comprensión e xestión emocional (ten estratexias para xestionar a emoción?)
- Empatía e habilidades de relacións

Se falla neste aspecto: <https://docs.google.com/document/d/14Ar-bbNBSSyxBZ3wYNcA8ukDjtrWSeMc4J5l5lJwCCc/edit?usp=sharing>

Como está o alumno/a no tocante á percepción persoal, apegos, vínculos afectivos:

- Autoconcepto
- Autoestima
- Resiliencia
- Nivel de frustración
- Ten relacións familiares, amizades que lle aportan benestar, inclusión no grupo aula, profesorado con influencia sobre o menor?

- Potencialidades, puntos fuertes e conductas axustadas:

Como está ou que nos revela a conducta inaxeitada:

- que tipo de actividades académicas ou lúdicas ou situaciones o desregulan?
- que actividades ou situaciones lle xeren benestar? Que hai no contexto de aula que lle xera ansiedad ou promoven a necesidade?
- é posible adiviñar un patrón na desregulación? (antes do recreo, despois do recreo, ...) para poder anticiparnos?
- que experiencias lle funcionan ao centro para reeducar? Soluciones intentadas?
- Que hipótese manexamos sobre a conducta inaxeitada:
 - Chama a atención, prestando interese no que provoca a súa conducta na persoa que observa, como miradas de reollo, etc (A indiferencia soe ser negativa xa que continuará chamando a atención e cada vez dun xeito más desproporcionado. Hai que darlle atención tratando de ver a funcionalidade da conducta, é dicir, atender á necesidade que precisa ser cuberta. Tamén debemos valorar a conducta positiva, dando reforzos positivos verbalmente, centrándonos nas fortalezas e nas potencialidades)
- Acaba desbordando emocionalmente por acumulación de frustraciones.
- Entra nun desafío de poder (en moitas ocasiones para ver ata onde pode controlar él ou ela a situación, tamén para salvaguardar a súa autoestima, etc.).
- Manifestarse, expresarse coa conducta aprendida (as veces incompetencia aprendida, indefensión aprendida, etc.).
- Ferida profunda que xera un gran resentimiento, (fai dano aos demás, está enfadado co mundo) fainos desconectar tanto física como psicológicamente deles mesmos e estar desconectados de todo.
- Desregulación sen intención manipulativa explicable por dificultades no desenvolvimento

Que barreiras observamos no centro educativo:

- Actitudinais: expectativas cara o neno ou nena, atribucións, etc.
- Organizativas e metodológicas.- currículum, espazos, didácticas, coordinación con servizos de saúde mental, de benestar e de menores, etc.
- Sociais.- é aceptado polo grupo, acollido polo grupo e o centro, é invitado aos cumpreanos.
- De recursos: PT, AL, Coidador, mestres ou profesorado ordinario que podan prestar apoio, derivación a servizos de saúde.

ANEXO IV: ASPECTOS A TER EN CONTA NO PLAN DE ACTUACIÓN QUE ELABORE O CENTRO E NO ASESORAMENTO

Elementos para a reflexión:

- A conduta é social, aparece en contextos de relación-
- A conduta é unha manifestación dalgunha necesidade que está detrás (iceberg). A conduta é a parte visible, entón temos que saber que cuestíons están baixo esa conduta para anticiparnos e previr (respecto as condutas que teñan como prioritarias a mellorar, facer un listado e coller o 20% delas para o plan de intervención).
- Actuando no contexto actúase no impacto da conduta.
- As condutas non só han de ter consecuencias senón que deben promover experiencias positivas no alumn@, no grupo e para os implicados.
- Ser sistemáticos, anticiparnos e ser persistentes, precisase tempo e vai haber recaídas, o importante é que estas sexan menos profundas e más distanciadas no tempo.
- A conexión co neno, entender o conflito como oportunidade de aprendizaxe, a prevención e anticipación, persistir no cambio tendo en conta a curva de mellora condutual .
- Ter información da súa contorna familiar e social fainos ter mais información sobre as necesidades das condutas. Na maioría das veces a escola é o único lugar onde os nenos poden expresar a través das súas condutas o seu malestar, aínda que a maioría das veces o fan con condutas desadaptativas. Debemos xerar espazos, tempo e dinámicas para que os nenos e nenas aprendan a expresar e recoñecer o seu estado mental e anímico. Moitas veces os nenos e nenas teñen normalizadas determinadas formas de relacionarse sen chegar a ver que non son xeitos adecuados de relacionarse e que realmente lle están facendo dano.
- Canta mais información e coordinación teñamos dos axentes (gabinetes externos, actividades extraescolares, servizos sanitarios, servizos sociais, educador familiar, etc.) que están a intervir no neno ou nena mellor poderemos indentificar as

necesidades de tal xeito que inflúan o menos posible os nosos propios prexuzos ou valoracións superficiais.

ANEXO V: MODELO DE PROTOCOLO ACTUACIÓN/MEDIDAS.

ACTUACIÓN/CONDUTA	TIPIFICADA: LEVE/GRAVE	MEDIDA/CONSECUENCIA	COMPETENTE TITOR, XE,...

ANEXO VI: CONVERSACIÓN RESTAURATIVA

Preguntas para o alumnado que mancou (adaptar á idade e nivel de desenvolvimento)

- Que pasou? Cales son as túas boas razóns para facer o que fixeches?/Que estabas pensando nese momento?/ Que pensaches dende entón?
- Quen foi o danado polo ocorrido? De que xeito?
- Que pensas que debes facer para que as cousas queden ben? Que podes facer para arranxar as cousas?

Preguntas para a persoa ferida (adaptar á idade e nivel de desenvolvimento)

- Que pensaches cante te decataches do ocorrido?
- Que impacto tivo ese incidente sobre ti e os demais?
- Que foi o máis difícil para ti?
- Que pensas que debe pasar para que as cousas queden ben? Que necesitas?

Aclaracións sobre o uso das Preguntas Afectivas en situacíons de danos leves (pequenas reunións espontáneas).

As preguntas afectivas son preguntas que nos axudan a abrir o diálogo restaurativo en aquelas situacións nas que unha ou varias persoas se sinten afectadas polo comportamento doutra ou varias persoas. Estas preguntas, así como as metodoloxías expostas, están pensadas para casos leves, onde tan so teríamos que xuntar ás persoas directamente involucradas. No caso de danos más serios, onde existen persoas afectadas de forma indirecta, casos que soen transcender ó propio centro educativo, non empregariamos esta ferramenta, senón a **Reunión Restaurativa**.

Neste tipo de casos leves, existen dúas situación posibles, polo que as preguntas variarán segundo o caso que se trate. Empregamos as palabras vítima e agresor para entendernos, pero ás veces resultan pouco apropiadas. Nós, en lugar de agresores, preferimos falar de persoas que fixeron ou dixerón algo que danou a outras persoas; e, en lugar de víctimas, de persoas danadas ou afectadas polo comportamento de outras. Esta forma resulta demasiado extensa para a explicación, polo que en ocasións empregaremos as palabras agresor e víctima. Outra cousa a ter en conta é que nunca imos chamar así (víctima ou agresor) as persoas cando esteamos con elas, deberemos empregar sempre os seus nomes.

Sempre imos preguntar ás persoas involucradas antes de xuntalas, pois se as persoas que fixeron dano non o recoñecen, xuntalas coas víctimas tan so servirá para aumentar o dano. Unha vez que vemos que a persoa ou persoas que fixeron dano recoñecen, alomenos en parte, ser responsables, e aceptan xuntarse coa vítima.

1º Caso: Agresor(es) e vítima(s) claramente diferenzadas.

Son aquellas situación en que unha ou varias persoas fan ou din algo que afecta a outra o outras persoas. Por un lado, está a persoa ou persoas que danaron e por outro, está a persoa ou persoas que recibiron o dano. Neste caso, as preguntas afectivas son:

Preguntas para agresores:

1- Que pasou? Trátase de que a persoa produza unha narrativa dos feitos sen que se vexa culpabilizada ou condenada de antemán, preguntamos con curiosidade e sen xulgar. Se hai algunha situación anterior que puidera ter relación con incidente, sería importante que o contara, porque se houbese unha situación previa na que o agresor fose vítima, cambiaría a forma de afrontar o círculo (xa non sería agresor-víctima claramente diferenciados, senón que ambas persoas xogarían o rol de vítima-agresor).

2- Que pensabas neses momento? (no momento en que fixo ou dixo, ou deixou de fazer ou deixou de dicir algo, aquilo que danou a outra/s persoa/s)

3- Que pensas agora? (cando facemos esta pregunta antes do encontro entre as persoas vainos dar unha idea de se existe remordemento, arrepentimento e, polo tanto, se hai algunha posibilidade de xuntalas. Se a persoa non amosa o máis mínimo malestar polo que dixo, fixo ou deixou de fazer ou dicir, entón non deberemos realizar o encontro)

4- Quen foi afectado? De que xeito? Aquí trátase de que, en primeiro lugar, identifique a todas as persoas que pensa puideron ser afectadas, tanto directa como indirectamente; e en segundo lugar, que explore de que xeito puideron ser afectadas, dende o momento do incidente ata o día da entrevista. As persoas poden ser afectadas de moitas maneiras, pódese explorar aquí con axuda de tarxetas de emocións como lles afectou emocionalmente. Podemos facelo explorando unha persoa ou un grupo de persoas , por exemplo, danos á vítima por un lado e logo danos dos pais, irmáns e avós por outro). Ademais de sentirse dunha ou doutra maneira, ás veces as persoas mudan as súas rutinas ou determinadas actividades como consecuencia do vivido, algo que tamén debe ser explorado (por exemplo, un rapaz vítima de acoso muda o seu camiño cara ó colelio, ou o horario). Este é un momento de gran importancia para que a persoa que produciu o dano tome consciencia da amplitude e variedade de danos que se puideron derivar dos seus actos.

5- Que podes fazer para que as cousas queden ben? (reparar o dano ocasionado) Na entrevista de preparación, pode ser que á persoa agresora non se lle ocorra nada que poida fazer para reparar o dano. Neste caso pode ser útil preguntar á persoa que necesitaría ela se ela fose vítima da mesma situación. Ó inverter os papeis, fomentamos a empatía e facilitamos que teña algunha resposta durante a reunión. Non é necesario que nos dea respuestas durante a preparación, pero estará ben que vaia pensando de cara ó día do encontro, se é que se produce.

Preguntas para vítimas:

1- Que pensaches cando te decataches do ocorrido? Trátase de que nos conte o primeiro que lle viu á cabeza cando foi consciente dos feitos.

2- Que impacto tivo este incidente en ti? E nos demás? Ás veces, as persoas responden a parte de esta pregunta na primeira. Igualmente imos formulala, pois seguro aparecerá máis información de como lle afectou esta situación e tamén como se puideron ver afectadas outras persoas do seu entorno.

3- Que foi o más difícil para ti? Esta pregunta sempre aporta información moi valiosa, pois soe ser unha resposta moi persoal. Podemos facernos unha idea de como foron afectadas determinadas persoas por determinados danos, pero difficilmente adiviñaremos que foi o más difícil para unha persoa, dende o momento do incidente ata o momento da entrevista/reunión. Soen ser respuestas que promoven a empatía daqueles que danaron.

4- Que necesitas para que as cousas queden ben? Esta pregunta trata da reparación do dano. Precisamos saber que cousas pode necesitar a vítima para sentir que o asunto queda da mellor maneira posible para ela. Ás veces, a reparación total non é posible, pero trataremos de axudala a expresar aquellas necesidades que quedaron insatisfeitas tralo incidente. Axudar a expresar non quiere decir propor. A persoa facilitadora non debe facer propostas de reparación, pode preguntar por aspectos da vida da vítima que se viron afectados, pero non indicar determinadas accións reparadoras.

Metodoloxía:

As preguntas para os **agresores 1, 2, 3 e 4** serán formuladas unha tras outra, sen mudar de persoas. Se hai varios agresores, faremos as 4 seguidas a cada un. Posteriormente, faremos as preguntas para as **vítimas 1, 2 e 3**. Se hai varias vítimas faremos as tres preguntas seguidas a cada una delas. Unha vez respondan as víctimas estas tres preguntas, daremos oportunidade de falar ós agresores "**Neste momento, hai algo que queiras decir?**".

Tras darrlle un tempo ós agresores a dicir o que queiran, se é que queren falar, pasamos a formularles á vítima ou **vítimas a pregunta 4**. Elas dirán o que necesitan para que as cousas queden ben. Por cada cousa que digan que necesitan, preguntaremos ós agresores (ou persoa mencionada) como ven esa petición, se están de acordo ou non, en levala a cabo. É unha fase de negociación, ningúén debe aceptar nada que non queira facer. Unha vez aclarado o que se vai facer como actividade de reparación, deberá quedar claro en termos de quen, como, cando e onde se vai facer. Despois, preguntamos ós agresores a pregunta 5, se **a parte do dito, hai algo que pensen que deben fazer para que as cousas queden ben?** Se hai un acordo pode redactarse para maior seguridade. Deberase establecer un tempo para a revisión dos acordos, se é que hai algo que revisar.

2º Caso: Ambas persoas séntense vítimas (e polo tanto, hai moitas posibilidades de que foran agresoras).

Son aquelas situacions nas que unha primeira persoa nos narra un dano recibido e producido por unha segunda, e esta segunda persoa sinalada como agresora narra ter recibido outro dano realizado pola primeira. Este tipo de situacions soen ser más frecuentes que as anteriores. Pode darse o caso de que sexan varias as persoas involucradas.

No caso de que todas as implicadas sexan vítimas e agresoras ó mesmo tempo, as preguntas afectivas son as seguintes:

- 1- Que pasou e como te afectou esta situación?
- 2- De que xeito contribuíches nesta situación?
- 3- Que necesitas que ocorra para que as cousas queden ben?
- 4- Que podes fazer para que as cousas queden ben?

Metodoloxía:

Neste caso, as preguntas fanse en roldas secuenciais, de tal forma que todas as persoas responderán á 1ª pregunta, despois todas responderán á 2ª e así sucesivamente. Igual que no caso anterior, de haber acordos entre o que as persoas necesitan e o que poden facer, deberá quedar claro quen vai facer que, cando e onde, e unha data ou momento de

revisión, quedando as expectativas claras sobre o que se agarda de cada unha das persoas participantes.

PARA SABER MAIS:

Libro "Convivencia restaurativa ", Juan de Vicente Abad. Ed. SM.

Poño aquí un extracto do mesmo:

<https://drive.google.com/file/d/1H-86sjNsESsdiE1DPdi7FqNtQCa9nc0c/view?usp=sharing>

Unha revista:

<https://convivesenlaescuela.blogspot.com/2018/03/practicas-restaurativas-y-convivencia.html>

Presentación Rafael Pérez Lis:

<https://drive.google.com/drive/folders/1SBTjMWKO32IgRrbB5eqfHDiZJpuvxH7y>

2. CIRCULOS DE DIÁLOGO

Presentacións:

1. <https://view.genial.ly/625ed3dd271fd6001165ad14/presentation-presentacion-pincel-circular>

2.

<https://drive.google.com/drive/folders/1TnJEAENGpk1HuuOlcMxtljCZjB1QNbkG>

Exemplos círculos de diálogo (libro Convivencia Restaurativa, Juan de Vicente Abad)

https://drive.google.com/drive/folders/1pr_pv7ECMWC_ADQC602F-Hakm9v4eNzU

ANEXO VII: MODELO DE CONTRATO DE CONDUTA:

CONTRATO DE CONDUTA

Eu, alumno/a de, son capaz de seguir as seguintes condutas na clase:

1. Realizar o traballo.
2. Obedecer ós mestres.
3. Respectar aos meus compañeiros.
4. Levantar o brazo para pedir as cousas durante a clase.
5. Permanecer sentado na cadeira mentres realizo as tarefas.

Segundo estes comportamentos, poderei obter puntos para o meu carné de conduta que o mestre irá anotando ao final de cada día. Os puntos que obteña, poderei canxealos polas cousas que me gustan.

Puntuación:

- Conduta mala: 0 puntos.
- Conduta regular: 3 punto.
- Conduta boa: 6 puntos.
- Conduta moi boa: 10 puntos.

E, como son capaz de realizar todo isto, asino abaixo xunto ó mestre:

Asdo: o alumno/a

Asdo: o mestre/a